



JG1417569

01/2026

ESTATUTOS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DA  
TRAÍDA DE AUGAS FONTESANTA  
(CONCELLO DE RIANXO)

Handwritten blue mark on the right margin.

---

## ÍNDICE

|  |           |
|--|-----------|
| <i>CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS: DENOMINACIÓN, OBXECTO, FINALIDADE, DURACIÓN E DOMICILIO .....</i>  | <i>3</i>  |
| <i>CAPÍTULO 2.- DA ADQUISICIÓN, PERDA E TRANSMISIÓN DA CONDICIÓN DE MEMBRO.....</i>  | <i>4</i>  |
| <i>CAPÍTULO 3.- DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS MEMBROS ASOCIADOS.....</i>  | <i>5</i>  |
| <i>CAPÍTULO 4.- DOS ÓRGANOS DA COMUNIDADE DE USUARIOS.....</i>   | <i>6</i>  |
| <i>CAPÍTULO 5.- DA ASAMBLEA XERAL: COMPOSICIÓN, FUNCIONAMENTO, COMPETENCIAS, CONVOCATORIA, ACORDOS, ASISTENCIA E REPRESENTACIÓN. LUGAR DE CELEBRACIÓN.....</i> | <i>7</i>  |
| <i>CAPÍTULO 6. DA XUNTA DIRECTIVA: COMPOSICIÓN E CONSTITUCIÓN.....</i>   | <i>9</i>  |
| <i>CAPÍTULO 7.- DO PRESIDENTE, VICEPRESIDENTE E SECRETARIO DA ASEMBLEA XERAL E DA XUNTA DIRECTIVA</i>  | <i>11</i> |
| <i>CAPÍTULO 8.- DO XURADO .....</i>  | <i>12</i> |
| <i>CAPÍTULO 9.- DO RÉXIME ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO: PATRIMONIO SOCIAL, EXERCICIO ECONÓMICO E CONTAS ANUAIS.....</i>  | <i>13</i> |
| <i>CAPÍTULO 10.- DAS INFRACCIÓN E SANCIÓN.....</i>   | <i>14</i> |
| <i>CAPÍTULO 11.- DA COMUNIDADE EN XERAL E REFORMA DOS ESTATUTOS .....</i>  | <i>16</i> |
| <i>CAPÍTULO 12.- DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA COMUNIDADE DE USUARIOS .....</i>   | <i>18</i> |
| <i>DISPOSICIÓN FINAL.....</i>  | <i>19</i> |



JG1417568

01/2026

**CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS: DENOMINACIÓN, OBXECTO, FINALIDADE, DURACIÓN E DOMICILIO.****Artigo 1.- DENOMINACIÓN**

Ao abeiro e de conformidade co establecido no artigo 81.1 do Texto Refundido da Lei de Augas (TRLA) aprobado polo Real Decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, e o artigo 201 do Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, e tendo en conta as normas da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e da Lei 9/2010, de 4 de novembro de augas de Galicia, constitúese a Comunidade de Usuarios da traída de augas de Fontesanta dos lugares de Xens, As Miráns e Lemos, parroquia de Araño, no termo municipal de Rianxo (A Coruña) que adoptará a forma de Estatuto, someténdose os partícipes da Comunidade ás súas disposicións.

**Artigo 2.- OBXECTO**

É obxecto fundamental desta Comunidade que a mesma se constituía en Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia para a representación e defensa dos intereses dos comeneiros fronte a terceiros, e resolver as cuestións litixiosas que se susciten entre os usuarios. A estes efectos para a observancia deste Estatuto, os comeneiros renuncian a toda xurisdición ou foro sempre e cando se respecten os seus dereitos e a normativa que existe ao respecto.

**Artigo 3.- FINALIDADE**

A principal finalidade da Comunidade será o aproveitamento polos usuarios (relacionados ao final de este Estatuto) de augas procedentes de tres mananciais para os usos domésticos e á rega.

Neste sentido a Comunidade encamiña a súa actividade a:

- Aproveitamento racional e xusto das augas, de conformidade cos usos e costumes que ata o momento presente se veña observando.
- Promover as medidas necesarias para a construción e conservación das instalacións destinadas a este aproveitamento.
- Solicitar o apoio financeiro (crédito e/ou subvencións) tanto de organismos oficiais como de entidades privadas.
- Calquera outra finalidade que directa ou indirectamente relacionada co exposto, non contraveña o presente Estatuto e sexa adoptada pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva.

**Artigo 4.- DURACIÓN**

A presente Comunidade constitúese por tempo indefinido e exercerá a súa actividade ata que conorra unha das causas de extinción do artigo 52 do presente Estatuto.

**Artigo 5.- DOMICILIO**

O domicilio social fixarase no lugar de Xens, O Araño, Rianxo (A Coruña), podéndose trasladar a outra vivenda ou local por acordo da Xunta Xeral. En todo caso se comunicará dito traslado ao Organismo de Conca.

---

## **CAPÍTULO 2.- DA ADQUISICIÓN, PERDA E TRANSMISIÓN DA CONDICIÓ DE MEMBRO.**

### **Artigo 6.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE MEMBRO**

A condición de membro da Comunidade adquirirase:

- Pola subscripción da acta de constitución.
- Pola adhesión e sinatura do presente Estatuto.

A adhesión poderá ser solicitada por calquera que sexa propietario nos lugares dos Lemos, as Miráns e Os Xens, da parroquia do Araño (Santa Baia).

A solicitude farase por escrito dirixida ao Presidente da Xunta Directiva, na que manifestará ademais o seu sometemento ao presente Estatuto e demais normas xerais que sexan de aplicación ás Comunidades de Usuarios, especificándose os datos relativos ao aproveitamento que se pretende.

A aprobación da adhesión efectuarase pola Asemblea Xeral por maioría absoluta en primeira convocatoria e maioría simple en segunda convocatoria, debendo asinar o presente Estatuto e realizar o pagamento da achega inicial no prazo de dez (10) días dende a comunicación do acordo de admisión, entendendo o desistimento da súa solicitude de adhesión se non o fai nese período.

Das novas incorporacións darase conta ao Organismo de Conca.

### **Artigo 7.- PERDA DA CONDICIÓ DE MEMBRO**

Perderase a condición de membro da Comunidade polas seguintes causas:

- a.- Renuncia voluntaria: Compre a comunicación por escrito dirixido ao Presidente da Xunta Directiva cun mes de antelación, como mínimo, á data na que se pretenda facela efectiva.
- b.- Acordo da Asemblea Xeral: Cómpre unha maioría de 2/3 dos votos emitidos e a proposta da Xunta Directiva e sempre que se dea algunha destas causas:
  - Incumprimento reiterado das normas establecidas nas presentes disposicións, ou dos acordos adoptados por Órganos da Comunidade que ocasionen graves prexuízos a esta.
  - Comportamentos que vaian en contra dos intereses xerais da Comunidade, que perturben a boa marcha dun modo reiterado e que impidan de forma total ou parcial a súa actividade.

A perda da condición de membro por calquera dos motivos antes expostos levará consigo a liquidación da participación do mencionado usuario no patrimonio social, manténdose o deber de cumprir as obrigas contraídas ata a data da súa baixa, en particular, a de satisfacer as cotas vencidas ata ese momento.

### **Artigo 8.- TRANSMISIÓN DA CONDICIÓ DE MEMBRO**

A condición de usuario poderá transmitirse:

- a.- Por actus inter-vivos. Previa solicitude das partes á Xunta Directiva, poderase obter a transmisión do dereito ao uso da auga, do que se dará traslado ao organismo de conca.
- b.- Por acto mortis-causa. Unha vez feita a comunicación á Xunta Directiva da persoa que continuará no uso da auga e comunicada tamén a transmisión ao Organismo de Conca.



JG1417567

01/2026

### **CAPÍTULO 3.- DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS MEMBROS ASOCIADOS.**

#### **Artigo 9.- DEREITOS**

Os membros da Comunidade terán dereito a:

- a/ Elixir e seren elixidos para exercer os cargos representativos da Comunidade.
- b/ Asistir ás reunións da Asemblea Xeral con voz e voto, e aos demais órganos da Comunidade con voz, exercendo o dereito ao voto naquelas casos en que forme parte dos mesmos.
- c/ Consultar e obter copias e certificacións do Estatuto, do contido do Libro de Actas e demais documentación da Comunidade.
- d/ Intervir na xestión administrativa e económica da Comunidade nos termos previstos no Estatuto.
- e/ Obter un número de votos axustado ao que lle corresponda en función do caudal que deba utilizar, e o que se decida na Asemblea Xeral.
- f/ Ser representados, de acordo co preceptuado no artigo 201.8 a) e b) do Regulamento do Dominio Público Hidráulico do 11 de abril de 1986.
- g/ Exercer, en xeral, todas as actividades que se deriven dos fins da presente Comunidade.

#### **Artigo 10.- PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO**

Os usuarios pactan a indivisibilidade dos bens comúns, durante o tempo de duración do abastecemento, e se por calquera motivo, algún dos partícipes pretendese a división ou disolución da Comunidade ou fose expulsado desta por incumprimento das súas obrigas, non recibirán indemnización ningunha e perderá o dereito ao uso da auga.

Quen voluntariamente e sen causa xustificada, desexe darse de baixa na comunidade de usuarios non terá dereito á devolución das achegas monetarias efectuadas con cargo á súa condición de usuario do aproveitamento para o que se constituíu a comunidade.

#### **Artigo 11.- RÉXIME DE CONDUCCIÓN E ACOMETIDAS E CONTADORES**

O dereito ao aproveitamento e uso das augas exercerase segundo o autorizado na concesión outorgada, na que se determinará o destino e demais limitacións deste dereito conforme á normativa vixente en materia de augas.

1. A conducción para a vivenda beneficiaria dá dereito ao uso da auga, de forma e coas limitacións que se establezan para todos os usuarios.

Esta acometida poderá trasladarse a outra vivenda sempre que se corte o subministración de auga á anterior, sendo de conta do usuario todos os gastos que ocasionen e se leve a cabo de forma que non prexudique aos demais usuarios.

2. Poderase esixir a cada usuario, previo acordo da Asemblea Xeral, a instalación dun contador individual (artigo 55.4 do TRLA), que deberá ser accesible para a súa lectura e inspección.
3. A condición de comuneiro é inherente á titularidade do dominio ou ben real sobre as terras a regar.

No caso de que algún comuneiro adquira unha maior superficie de terreo, non poderá dispoñer dun maior número de horas de rega ás citadas anteriormente, salvo que se acorde o contrario pola Xunta Xeral. Se isto supuxera unha variación do caudal autorizado, a Comunidade terá que solicitar unha modificación da concesión de augas ante o Organismo de conca.

---

#### 4. Delimitación de responsabilidades e custos.

O mantemento, reparación, corrección de avarías ou substitución completa das conducións individuais de auga (comprendidas desde a chave de paso na nave de repartición ata o interior de cada inmovible) serán de responsabilidade exclusiva de cada comuneiro. Todos os custos derivados das devanditas actuacións correrán a cargo do propietario afectado. Así mesmo, corresponderá privativamente a cada comuneiro a limpeza e o correcto mantemento da súa arqueta correspondente.

#### 5. Procedemento para obras ordinarias.

Calquera intervención de carácter ordinario nas citadas instalacións requirirá a previa autorización da Xunta Directiva. O propietario interesado deberá solicitar esta autorización por escrito cunha antelación mínima de trinta (30) días naturais ao comezo previsto das obras, achegando a descrición técnica da actuación.

#### 6. Procedemento para obras urxentes.

Quedan exceptuadas da autorización previa aquelas obras de reparación urxente destinadas a emendar unha interrupción inmediata ou avaría grave na subministración de auga da vivenda. Nestes supostos, o comuneiro quedará eximido de obter a autorización da Xunta Directiva, sendo suficiente a notificación fidedigna da incidencia e do inicio dos traballos cunha antelación mínima de dúas (2) horas.

### **Artigo 12.- OBRIGAS**

Os membros da Comunidade están obrigados a:

- Cumprir o presente Estatuto e demais normas de xeral aplicación.
- Cumprir os acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva a Asemblea Xeral e Xurado.
- Comunicar cun mes de antelación, como mínimo, a súa renuncia á condición de membro da Comunidade.
- Contribuír á limpeza dos depósitos, arquetas e demais puntos das instalacións cando así o estableza a Xunta Directiva.
- Utilizar a auga dun modo racional conforme a criterios de boa fe e respecto dos dereitos e intereses dos demais usuarios.
- As achegas económicas que poderán ser modificadas por acordo da maioría absoluta da Asemblea Xeral.

En todo caso, ningún comuneiro poderá ser exonerado por enteiro de obrigacións e cargas inherentes á súa participación no aproveitamento colectivo de augas e nos demais elementos comúns, segundo o establecido no artigo 201.8 parágrafo e) do RDPH. Tampouco poderán establecerse pactos ou cláusulas estatutarias prohibitivas da realización das derramas necesarias para subverter os gastos da comunidade e o cumprimento das demais obrigas da mesma, ou polos que se exima de responsabilidade ós cargos da Comunidade.

### **Artigo 13.- INSTALACIÓNS DO APROVEITAMENTO DE AUGAS**

A Comunidade dispón das seguintes instalacións para o aproveitamento das augas:

O aproveitamento de augas consiste na captación de tres mananciais situados nas parcelas 15073A073000880000FX, 15073A073000910000FX e 15073A073000890000FI no lugar de Castriño, parroquia do Araño (Santa Baia), no concello de Rianxo, con destino ao abastecemento doméstico e rega das vivendas e parcelas dos usuarios situadas nos lugares dos Lemos, As Miráns e Os Xens da parroquia do Araño (Santa Baia), no concello de Rianxo.)



JG1417566

01/2026

**CAPÍTULO 4.- DOS ÓRGANOS DA COMUNIDADE DE USUARIOS.****Artigo 14.- ÓRGANOS COLEXIADOS E UNIPERSOAIS**

Para a súa representación, goberno e administración, a Comunidade contará cos seguintes órganos:

Órganos colexiados:

- A. Asemblea Xeral
- B. Xunta Directiva.
- C. O Xurado

Órganos unipersoais:

- A. Presidente
- B. Vicepresidente
- C. Secretario
- D. Tesoureiro- Contador
- E. Vocais da Xunta Directiva

Para o desempeño de tales cargos deberanse reunir os seguintes requisitos:

- Ser partícipe da Comunidade.
- Ter plena capacidade xurídica e de obrar.

**CAPÍTULO 5.- DA ASAMBLEA XERAL: COMPOSICIÓN, FUNCIONAMENTO, COMPETENCIAS, CONVOCATORIA, ACORDOS, ASISTENCIA E REPRESENTACIÓN. LUGAR DE CELEBRACIÓN.****Artigo 15.- COMPOSICIÓN**

Constitúe o órgano soberano da Comunidade e estará composta pola totalidade dos usuarios. Ata a súa constitución, crearase unha comisión xestora coa facultade única e exclusiva de contratar material, man de obra ou servizos técnicos para executar as obras necesarias.

**Artigo 16.- FUNCIONAMENTO**

A Asemblea Xeral reúnese con carácter ordinario e extraordinario.

Con carácter ordinario reunirase cando menos unha vez ao ano dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio, logo da oportuna convocatoria para tratar da análise da marcha da Comunidade e a xestión da Xunta Directiva, aprobar as contas e balance do exercicio anterior e resolver, no seu caso, sobre os fins aos que se aplicarán os fondos sociais.

Toda Asemblea que non sexa a prevista anteriormente, terá carácter de extraordinaria, e terá lugar cando o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten a maioría dos membros da Comunidade

Na Asemblea Xeral non poderá tratarse ningún asunto que non se inclúa previamente na orde do día.

---

## Artigo 17.- COMPETENCIAS

Será competencia da Asemblea Xeral:

- a) A elección do Presidente, Vicepresidente da Comunidade de Usuarios, do Secretario e dos membros da Xunta Directiva, a dos seus representantes no organismo de Conca, e outros organismos, e o nomeamento e separación do Secretario da Comunidade.
- b) O exame da memoria anual e a aprobación dos orzamentos de gastos e ingresos e o das contas anuais, presentados pola Xunta Directiva.
- c) A redacción do proxecto do Estatuto da Comunidade e Regulamentos da Xunta Directiva e do Xurado, así como as súas modificacións respectivas.
- d) A imposición de derramas e a aprobación dos Orzamentos adicionais.
- e) A adquisición e alleamento de bens, sen prexuízo das facultades que, neste aspecto, competen á Xunta Directiva.
- f) A aprobación dos proxectos de obra preparados pola Xunta Directiva e a decisión da súa execución.
- g) A aprobación do ingreso de calquera que, con dereito ao uso da auga, o solicite.
- h) A autorización previa, sen prexuízo da que corresponde outorgar ao Organismo de Conca, a usuarios ou terceiras persoas para realizar obras nas captacións, conducións ou instalación da Comunidade co fin de utilizar mellor a auga.
- i) A solicitude de novas autorizacións ou concesións.
- j) A solicitude dos beneficios de expropiación forzosa ou imposición de servidume en beneficio da Comunidade.
- k) A solicitude de beneficios económicos, créditos ou subvencións.
- l) A decisión de trasladar o domicilio social.
- m) O establecemento de quendas no subministro, se fose preciso, en épocas de estiaxe.
- n) A decisión de asuntos que lle sometese a Xunta Directiva, o Xurado ou calquera dos comuneiros.
- o) Calquera outra facultade non atribuída especificamente a outro órgano.

## Artigo 18.- CONVOCATORIA

A convocatoria farase polo Presidente da Comunidade, polo menos con 15 días de antelación á súa celebración, mediante edictos municipais e anuncios na sede da Comunidade e no Boletín Oficial da Provincia, indicando claramente os asuntos a tratar na Orde do Día, a celebración en segunda convocatoria –caso de falta de quórum– sen variación do resto de circunstancias, e o lugar, día e hora de celebración.

En relación á reforma do Estatuto, no que afecte á continuidade da Comunidade, a convocatoria terá ademais a axeitada publicidade, mediante notificacións persoais ou publicación en diarios de maior difusión da zona.

Non obstante o anterior, entenderase validamente constituída a Asemblea Xeral en primeira convocatoria cando estean representados 2/3 dos membros da Comunidade e en segunda convocatoria cando asista a maioría dos comuneiros.

Do mesmo xeito quedará validamente constituída cando estean presentes ou representados en forma bastante todos os usuarios, e os asistentes acepten por unanimidade a celebración da Asemblea.



JG1417565

01/2026

**Artigo 19.- ACORDOS**

A Asemblea Xeral adoptará os acordos por maioría absoluta de votos se ten lugar en primeira convocatoria e por maioría simple dos votos dos asistentes en segunda convocatoria.

Exceptúanse da regra anterior os acordos adoptados en Asembleas Xerais onde se trate de :

- a/ Aumento e redución do número de membros.
- b/ Disolución, transformación, absorción ou fusión da Comunidade.
- c/ En xeral, calquera modificación do presente Estatuto.

Nestes casos será precisa a concorrencia en primeira convocatoria dos 2/3 dos usuarios da Comunidade, debendo adoptarse os acordos por maioría absoluta. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia da maioría dos comuneiros e o voto favorable da maioría dos asistentes.

O voto será secreto, agás que solicite polo menos 1/3 dos membros da Comunidade.

Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os adoptados en sesións ordinarias sobre temas non incluídos na orde do día, salvo casos de urxencia e co voto favorable da maioría absoluta dos comuneiros.

**ARTIGO 20.- ASISTENCIA E REPRESENTACIÓN**

Todos os membros da Comunidade terán dereito a participar no funcionamento da Comunidade e a ser elixidos para desempeñar calquera cargo.

A representación voluntaria deberá ser conferida, en todo caso, expresamente e por escrito. Agás limitación en contra establecida ao outorgarlle a representación, o representante voluntario considerárase facultado para participar na adopción da calquera acordo da Comunidade, pero en ningún caso poderá substituír ao representado no desempeño dun cargo nin ser elixido para ocupalo.

Todos os membros da Comunidade terán dereito a voto, sen que a ningún poida corresponderlle máis do 50 % do conxunto dos comuneiros calquera que sexa a súa participación daquel nos elementos comúns e conseguintemente nos gastos da Comunidade.

Calquera que sexa a súa cota de participación nos elementos comúns tódolos propietarios terán dereito a voto de acordo co consignado no Estatuto da Comunidade, podendo agruparse en todo caso, ata alcanzar o mínimo esixido para o exercicio directo do dereito ó voto.

**ARTIGO 21- COTAS DE PARTICIPACIÓN E CRITERIO DE REPARTICIÓN****1. Criterio de repartición de cotas.**

Conforme o acordo adoptado por unanimidade da Xunta de Propietarios, establécese que as cotas de participación da comunidade determinanse a partes iguais entre as vinte e sete (27) arquetas existentes. En consecuencia, asígnase de forma fixa e invariable a cada propietario unha cota de participación do 3,7037% por cada arqueta da súa titularidade

**2. Invariabilidade do criterio.**

A cota de participación así fixada será o único módulo válido para a distribución dos gastos comúns, a computación de maiorías nas votacións das xuntas, así como para a determinación dos dereitos e obrigacións de cada comuneiro.

**3. Exclusión do caudal de consumo.**

Acórdase expresamente que o caudal de auga consumida, a capacidade de subministración ou o uso efectivo da instalación de cada vivenda non se terán en conta baixo ningún concepto a efectos de alterar o cómputo de votos, a distribución económica das cargas comúns nin os dereitos e obrigacións estatutarios.

---

## **Artigo 22.- LUGAR DE CELEBRACIÓN**

A Asemblea Xeral celebrarase dentro do seu ámbito territorial, fixándose en cada convocatoria o lugar exacto de celebración.

## **Artigo 23.- FORMA DE CELEBRACIÓN**

Todo o que antecede ao desenvolvemento das deliberacións, forma de tornarse no uso da palabra, sistema de votación e calquera outra incidencia resolverase polo Presidente da Comunidade.

## **Artigo 24.- ACTAS**

Do resultado da Asemblea Xeral redactarase unha acta que se estenderá no libro correspondente no mesmo momento da celebración, polo Secretario da Xunta Directiva e deberá ser subscrita polos membros da Xunta Directiva para dar fe da súa veracidade, podendo calquera dos usuarios solicitar a lectura en voz alta das mesmas ou proceder persoalmente á mencionada lectura.

Os comuneiros teñen dereito a solicitar ao Presidente e obter copias das actas das Asembleas da Comunidade, Convenio e demais documentos referentes á mesma, debendo ser facilitadas aos comuneiros nun prazo non superior a sete (7) días.

## ***CAPÍTULO 6. DA XUNTA DIRECTIVA: COMPOSICIÓN E CONSTITUCIÓN.***

### **Artigo 25.- COMPOSICIÓN**

A execución dos estatutos e ordenanzas, dos acordos propios e dos adoptados pola asemblea xeral, encoméndase á Xunta Directiva que nomeada pola asemblea xeral, estará composta por un mínimo de cinco membros e un máximo de dez, comprendendo entre eles, un presidente, un vicepresidente, un secretario e un tesoureiro. O resto dos membros será vocais, entre os que figurará se así o aproba a Asemblea Xeral, a representación dos usuarios que pola súa situación ou orde de establecida sexan os últimos en recibir a auga. A elección destes membros recaerá entre os partícipes da comunidade.

O Presidente, Vicepresidente e Secretario, serán tamén os da Asemblea Xeral, e serán nomeados por esta, elixindo o Tesoureiro Contador responsable dos fondos comunitarios, a propia Xunta Directiva de entre os seus membros.

### **Artigo 26.- CONSTITUCIÓN**

A Xunta Directiva entenderase validamente constituída cando concorran á reunión a metade máis un dos seus membros, debendo asistir obrigatoriamente o Presidente e o Secretario. Ó Presidente poderá substituílo o Vicepresidente.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros que concorran á reunión, sendo a votación por escrito, agás petición en contra de 2 ou máis membros da Xunta Directiva.

A efectos de quórum poderá delegarse a representación noutro membro, pero terá que ser por escrito e con carácter especial para cada reunión.

A Xunta Directiva reunirse polo menos 2 veces ao ano, cando o convoque o Presidente ou o soliciten 2 ou máis membros.

A delegación permanente de facultades da Xunta requirirá para a súa validez o voto favorable das 2/3 partes dos seus compoñentes, e non producirá efecto algún ata a súa formalización en documento público. Deste acordo de delegación darase coñecemento ós usuarios na primeira Asemblea Xeral que se celebre, así como ó Organismo de Conca respectivo se así fose procedente.



JG1417564

01/2026

**Artigo 27.- FACULTADES**

Son atribucións da Xunta Directiva:

- a/ Velar polos intereses da Comunidade, promover o seu desenvolvemento e defender os seus dereitos.
- b/ Nomear e separar os empregados da Comunidade na forma que estableza o seu Regulamento e a lexislación laboral.
- c/ Redactar a memoria, elaborar os orzamentos, propoñer as derramas ordinarias e extraordinarias e render as contas, sometendo unhas e outras á Asemblea Xeral.
- d/ Ordenar o investimento de fondos con suxeición aos orzamentos.
- e/ Formar o inventario da propiedade da Comunidade, cos padróns xerais, prazos e relacións de bens.
- f/ Presentar á Asemblea Xeral a lista dos Vocais da Xunta Directiva e do Xurado que deban cesar nos seus cargos con arranxo ao Estatuto.
- g/ Acordar a celebración de Asemblea Xeral extraordinaria da Comunidade cando o estime conveniente ou o pidan a maioría (art. 16) dos membros da Comunidade, ou a maioría de ditos usuarios.
- h/ Someter á Asemblea Xeral calquera asunto que estime de interese.
- i/ Dispoñer a redacción dos proxectos de reparación ou de conservación que xulgue conveniente e ocuparse da dirección e inspección das mesmas.
- j/ Conservar os sistemas de modulación e reparto das augas.
- k/ Ordenar a redacción dos proxectos de obras novas, encargándose da súa execución unha vez que fosen aprobados pola Asemblea Xeral. En casos extraordinarios e de extrema urxencia que non permitan reunir á Asemblea Xeral, poderá acordar e emprender, baixo a súa responsabilidade a execución dunha obra nova, convocando o antes posible a Asemblea para darlle conta do seu acordo.
- l/ Ditar as disposicións convenientes para mellorar a utilización das augas, respectando os dereitos adquiridos.
- m/ Facer que se cumpra a lexislación de augas, as ordenanzas da comunidade e os seus regulamentos e as ordes que lle comunique o Organismo de Conca, solicitando o seu auxilio en defensa dos intereses da comunidade.
- n/ Propoñer á aprobación da Asemblea Xeral as disposicións do Estatuto así como a súa modificación e reforma.
- o/ Cantas outras facultades lle delegue a Asemblea Xeral ou se infiran deste Estatuto e das disposicións vixentes e, en xeral, canto fose conveniente para o bo goberno e administración da Comunidade.

---

## **CAPÍTULO 7.- DO PRESIDENTE, VICEPRESIDENTE E SECRETARIO DA ASEMBLEA XERAL E DA XUNTA DIRECTIVA.**

### **Artigo 28.- DURACIÓN DO CARGO**

Os cargos de Presidente, Vicepresidente e Secretario da Asemblea Xeral e do Presidente, Vicepresidente e Secretario da Xunta Directiva recaerán nas mesmas persoas, respectivamente, agás que na designación se dispoña o contrario.

A duración dos cargos de Presidente e Vicepresidente fixaranse por un período de tres anos e serán renovados ao mesmo tempo que os dos vocais da Xunta Directiva, coa excepción de que para o primeiro mandato, a partir da constitución da comunidade, o cargo de Vicepresidente fixase por catro anos, coa finalidade de que os postos de Presidente e Vicepresidente non se renoven ao mesmo tempo (art. 217.1 do RDPH).

O secretario exercerá o cargo polo tempo que se estipulara, tendo o Presidente a facultade de suspendelo nas súas funcións e propoñer á Asemblea Xeral a súa separación definitiva.

### **Artigo 29.- FUNCIÓNS**

1. O Presidente é o representante legal da Comunidade de Usuarios. Son funcións específicas do Presidente:
  - a) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Xunta Directiva e das Asembleas Xerais, decidindo co voto de calidade en caso de empate.
  - b) Autorizar as actas e acordos da Asemblea e da Xunta Directiva, así como poñer o visto e prace nas certificacións que o Secretario expida, asinar e expedir os libramentos de tesourería.
  - c) Actuar en nome e representación da Comunidade de acordo coas disposicións ao respecto.
  - d) Calquera outra facultade que lle veña atribuída polas disposicións legais e polo Estatuto da Comunidade.
2. O Vicepresidente ocuparase das funcións atribuídas ó Presidente en casos de ausencia, enfermidade ou vacante, ostentando a representación da Comunidade nestes casos.
3. O Secretario da Comunidade exercerá as facultades e dilixencias que lle sinalen este Estatuto, os Regulamentos ou a Asemblea Xeral.

En particular encargarase de:

- a) Estender e anotar nun libro foliado, debidamente dilixenciado e rubricado polo Presidente, as actas e acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral coa súa sinatura e a do Presidente.
  - b) Expedir certificacións co visto e prace do Presidente.
  - c) Conservar e custodiar os libros e demais documentos da Comunidade.
  - d) Executar todos os traballos propios do seu cargo e os que lle encomende a Xunta Directiva, a Asemblea Xeral ou o seu Presidente.
4. O Tesoureiro Contador ocuparase baixo as directrices que lle marque o Presidente, de levar un libro de gastos e ingresos que será presentado á Xunta Directiva para a súa comprobación do estado de contas, así como de custodiar os fondos da comunidade



JG1417563

01/2026

**CAPÍTULO 8.- DO XURADO.****Artigo 30.- COMPOSICIÓN**

O Xurado estará composto por un Presidente, que será un dos vocais da Xunta Directiva, e designado por esta, e por un máximo de catro vocais que elixirá a Asemblea Xeral. Actuará como secretario o que o sexa da Xunta Directiva ou o que se designe no Estatuto.

O Presidente convocará as sesións do Xurado que se celebrarán a iniciativa de el mesmo, por denuncia, ou por solicitude da maioría dos vocais.

A duración no cargo de xurado será de dous anos.

**Artigo 31.- COMPETENCIA**

Ó Xurado correspóndelle coñecer as cuestións de feito que se susciten entre os usuarios da Comunidade, no ámbito dos Estatutos, e impoñer aos infractores as sancións regulamentarias, así como fixar as indemnizacións que deban satisfacer ós prexudicados e as obrigacións de facer que poidan derivarse da infracción cometida (artigo 84.6 do TRLA).

**Artigo 32.- PROCEDEMENTO**

1. Os procedementos do Xurado serán públicos e verbais e os seus fallos, que serán executivos, consignaranse por escrito con expresión dos feitos e das disposicións das Ordenanzas en que se funden, así como da contía da sanción, da indemnización, e dos custos no seu caso.
2. Adoptará os seus acordos e ditará os fallos por maioría absoluta, sendo necesario para a súa validez a concorrencia da maioría dos membros.
3. As sancións que impoña o Xurado serán pecuniarias, e o seu importe, que en ningún caso excederá o límite fixado no Código Penal para as faltas, aplicarase aos fondos da Comunidade.
4. Contra as resolucións do Xurado poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o propio Xurado e con carácter previo a interposición do recurso contencioso- administrativo que procede contra estas resolucións (artigo 123 da LPACAP e artigo 227 do RDPH).

---

## **CAPÍTULO 9.- DO RÉXIME ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO: PATRIMONIO SOCIAL, EJERCICIO ECONÓMICO E CONTAS ANUAIS.**

### **Artigo 33.- PATRIMONIO SOCIAL**

O capital social estará integrado polo seguinte:

1. A cota de inscrición a pagar no acto de admisión do partícipe e as achegas económicas dos usuarios.
2. O valor das instalacións, captacións, conducións, pezas de reposto, ferramentas, etc.
3. Subvencións que se obteñan do Estado ou Comunidade Autónoma, provincia, concello ou doutros organismos públicos ou privados.
4. Créditos que se obteñan de Entidades públicas ou privadas.
5. As multas que poida impoñer o Xurado ós usuarios polas posibles infraccións que cometan.
6. En xeral, todo o que fose adquirido ou se adquira con bens ou fondos da Comunidade.

### **Artigo 34.- ACHEGAS ECONÓMICAS**

As achegas económicas están constituídas polas seguintes:

- 1.- Achega inicial, realizada previamente á adquisición da condición de usuario, equivalente ao valor total das obras e instalacións da traída de augas, así como do pagamento do dereito de servidume, no seu caso, dividido entre o número de integrantes da comunidade, e aprobado en Asemblea Xeral.
- 2.- Achega anual: achega que será aprobada en Asemblea, a fin de constituír un fondo común para afrontar os pagos da Comunidade, dos seus gastos xerais e daquelas pequenas avarías
- 3.- Achegas de carácter extraordinario, aprobadas pola Asemblea Xeral.

A achega inicial levarase a cabo nos dez (10) días seguintes á comunicación do acordo de admisión, entendendo o desistimento da solicitude de ingreso se non se realiza nese período, a achega anual levarase a cabo nos meses de xaneiro e febreiro de cada ano e as extraordinarias no prazo que se estableza no acordo de aprobación das mesmas pola Asemblea Xeral.

O incumprimento dos ingresos fará incorrer nas causas que determina o art. 7 do presente Convenio e por decisión da Asemblea Xeral, poderá ser excluído forzosamente da Comunidade.

As achegas inicial e anual serán incrementadas de conformidade co índice de prezos ao consumo (IPC) que anualmente publique o Instituto Nacional de Estatística.

### **Artigo 35.- IMPAGO DE ACHEGAS**

O usuario da comunidade que non efectúe o pago das achegas que lle correspondan nos termos establecidos no Estatuto, satisfará un recargo do 10% sobre a achega que tivese que efectuar por cada mes que deixe transcorrer sen realizar o pagamento.

Transcorridos tres meses consecutivos sen efectuar o pago e os recargos poderáselle prohibir o uso da auga e efectuar o cobro pola vía de constrinximento, sendo de conta do moroso os gastos e prexuízos que se irroguen pola dita causa.



JG1417562

01/2026

**Artigo 36.- RECURSOS ECONÓMICOS**

A comunidade terá plena autonomía para a administración dos seus propios recursos, de conformidade coa lexislación vixente en cada momento.

A responsabilidade económica concretarase ao seu patrimonio social. Os seus recursos aplicaranse aos fins e actividades que lle son propios.

**Artigo 37.- EJERCICIO ECONÓMICO**

O exercicio social comezará o 1 de xaneiro e transcorrerá ata o 31 de decembro de cada ano, é dicir, fixarase por anos naturais. Por excepción, o primeiro exercicio comezará no momento en que se considere constituída plenamente a Comunidade.

**Artigo 38.- CONTAS ANUAIS**

Con referencia ao último día de cada exercicio económico, a Xunta Directiva analizará as contas de ingresos e gastos e o balance de situación se procede, dentro dos catro primeiros meses de cada ano, para a súa presentación e aprobación pola Asemblea Xeral, se así o considera oportuno.

**CAPÍTULO 10.- DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.****Artigo 39.- INFRACCIÓN**

As infraccións ó presente Estatuto que poidan cometer os usuarios da Comunidade de Usuarios de augas da traída de Fontesanta terán carácter de leves, graves e moi graves, atendendo á súa repercusión no aproveitamento das augas, á súa transcendencia polo que respecta á seguridade das persoas e bens e ás circunstancias do responsable, o seu grao de malicia ou reincidencia, participación e beneficio obtido así como ao deterioro producido en calidade do acuífero ou instalacións.

Só poderán ser obxecto de sanción as infraccións tipificadas como tales neste estatuto, a falta de tipicidade nunha conduta convértea en non sancionable (artigo 27 da LRXSP), salvo que se proceda á modificación do estatuto e das infraccións nel tipificadas.

**Artigo 40.- CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓN****1.- Considéranse INFRACCIÓN LEVES:**

- a. Causar danos nos bens da Comunidade ou nos elementos das instalacións en contía non superior a cen (100,00 €) euros.
- b. A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais en contía non superior a cen (100,00 €) euros.
- c. Non ingresar na conta da Comunidade nos prazos previstos as cantidades correspondentes ás derramas, as acordadas con carácter obrigatorio pola Asemblea Xeral, as compensatorias por falta inustificada de achega de traballo persoal ou as correspondentes a calquera sanción pecuniaria, así como as indemnizacións e costas no seu caso.
- d. Impedir ou entorpecer a equitativa distribución ou o abastecemento de auga entre tódolos comuneiros.
- e. Pactar repartos de auga non establecidos regulamentariamente aínda cando estes non excedan a dispoñibilidade que no seu conxunto lles corresponda legalmente.
- f. Aproveitar para o seu beneficio máis cantidade de auga que aquela que lle corresponda.

---

## 2.- Considéranse INFRACCIÓN GRAVES:

- a. Causar danos nos bens da Comunidade ou nos elementos das instalacións en contía comprendida entre cen euros cun céntimo (100,01 €) e seiscentos euros (600,00 €).
- b. A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais ou na rede de distribución de augas, da que a valoración estea comprendida entre cen euros cun céntimo (100,01 €) e mil euros (1000,00 €).
- c. Opoñerse a que a condución da auga pase pola parcela dalgún dos usuarios ou esixir a cambio compensacións ou dereitos se afecta ao ben común.
- d. Negarse a ser membro da Xunta Directiva da Comunidade, agás causa xustificada ou forza maior.
- e. Contaminación ou vertidos das augas.
- f. A reincidencia por unha soa vez en calquera das infraccións cualificadas como leves.

## 3.- Considéranse INFRACCIÓN MOI GRAVES:

- a. A reincidencia en calquera das infraccións consideradas como graves e a reincidencia múltiple naquelas consideradas como leves.
- b. A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais ou na rede de distribución da auga, da que a valoración sexa igual ou a mil euros cun céntimo (1000,01 €) e tres mil euros (3000,00 €)
- c. Causar danos nos bens da Comunidade ou nos elementos das instalacións en contía igual ou superior a seiscentos cun céntimo (600,01 €) e dous mil euros (2000,00 €)

## Artigo 41.- SANCIÓN

As sancións que se fixan ás infraccións do artigo anterior son as que se indican a continuación:

1. Ás infraccións LEVES corresponderanlle sancións pecuniarias de cincuenta euros (50,00 €) a cen euros (100,00 €), que impondrá o Xurado.
2. Ás infraccións GRAVES corresponderanlle sancións pecuniarias de cen euros cun céntimo (100,01 €) a seiscentos euros (600,00 €), que impondrá o Xurado.
3. Ás infraccións MOI GRAVES corresponderanlle sancións pecuniarias de seiscentos cun céntimo (600,01 €) a dous mil euros (2000,00 €), que impondrá o Xurado.
4. ~~Todas as sancións poderán ser complementadas no seu caso, co importe das indemnizacións e as costas se procedese, e coa prohibición do uso da auga en tanto non sexan satisfeitas.~~
5. No caso de infraccións moi graves, poderase acordar a expulsión definitiva da Comunidade.

A contía das sancións poderá ser modificada anualmente por aprobación con maioría absoluta da Asemblea Xeral a proposta do Xurado.

## Artigo 42.- PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións e as sancións prescriben segundo os prazos establecidos na normativa aplicable. Se nesta non se fixan prazos as infraccións moi graves prescriben aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves aos seis meses; e as sancións das infraccións moi graves prescriben aos tres anos, as das graves aos dous anos e as das leves ao ano; segundo o artigo 30 da LRXSP.



JG1417561

01/2026

**Artigo 43.- INICIO E DESENVOLVEMENTO NO PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

1.- As denuncias sobre infraccións das Ordenanzas e Regulamentos poden formularse de palabra ou por escrito e ser presentadas ó Presidente do Xurado ou a calquera dos vocais que a remitirán ó Presidente do Xurado.

2.- As citacións para a celebración do xuízo con máis de vinte e catro horas de antelación, verificaranse polas papeletas que subscribirá o Secretario e autorizará o Presidente do Xurado, entregándose ó interesado e na súa ausencia a algún familiar ou veciño, consignando o día, a hora e o obxecto para a celebración da comparecencia ou xuízo.

A comparecencia ó xuízo celebrarase o día sinalado, salvo no caso de imposibilidade xustificada de concorrer por parte dalgún interesado, o que daría lugar a unha nova e definitiva citación.

3.- No acto da comparecencia ou xuízo, o Secretario dará conta dos termos da cuestión ou denuncia; as partes exporán verbalmente o que estimen oportuno para a defensa dos seus intereses, e oído os testemuñas e examinadas as probas, se o Xurado considera suficiente o actuado e con antecedentes bastantes, fallará no acto despois dunha breve deliberación.

4.- Os denunciados que non comparezan, nin mediante persoa autorizada que os represente, poderán ser condenados en rebeldía.

As resolucións do Xurado só son revisables en reposición ante o propio Xurado como requisito previo ó recurso contencioso-administrativo.

**Artigo 44.- ACTOS EXECUTIVOS DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

1.- As sancións serán comunicadas por escrito aos infractores pola Xunta Directiva nun prazo máximo de QUINCE (15) DÍAS contados a partir do seguinte ao que se teña coñecemento da infracción.

O procedemento sancionador terá unha duración máxima entre a incoación e a notificación de SEIS (6) MESES.

2.- O importe das sancións será ingresado por calquera dos procedementos habituais do mercado, na conta social que ao efecto teña aberta a Comunidade en calquera entidade financeira, dentro do prazo de QUINCE (15) DÍAS contados a partir do seguinte a que se reciba a notificación da sanción.

3.- Tanto o importe das sancións como o das responsabilidades a que houbese lugar, poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento con acordo da Xunta Directiva, e poderase prohibir o uso da auga mentres non sexa satisfeito.

4.- Con independencia das sancións que lles sexan impostas, os infractores poderán ser obrigados a reparar os danos e prexuízos ocasionados á Comunidade, así como a repoñer as cousas ao seu estado anterior.

**CAPÍTULO 11.- DA COMUNIDADE EN XERAL E REFORMA DOS ESTATUTOS.****Artigo 45.- FORMALIDADES DOS ACORDOS DA COMUNIDADE**

Os acordos dos Órganos da Comunidade de Usuarios serán adoptados por maioría de votos dos asistentes unha vez constituída validamente a Asemblea ou a Xunta Directiva, segundo o artigo 17 da LRXSP.

**Artigo 46.- IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS**

Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva no ámbito das súas competencias, serán executivos, sen prexuízo da súa posible impugnación mediante a interposición de Recurso de Alzada ante o Organismo de Conca no prazo de QUINCE (15) DÍAS, a partir da súa comunicación ó interesado (artigos 84.5 do TRLA en relación co 227.2 do RDPH).

---

#### **Artigo 47.- EXECUCIÓNS E CONSTRINXIMENTO**

- 1.- 1. A Comunidade de Usuarios poderá solicitar ao Organismo de Conca o auxilio necesario para o cumprimento dos seus acordos, relacionados coas funcións de administración, policía e cumprimento das normas do Estatuto.
- 2.- As obrigas de facer, impostas regulamentariamente aos comuneiros, que non tiveran carácter persoalísimo, poderán ser executadas subsidiariamente no caso de incumprimento pola Comunidade, transformándose a obrigación de facer na de pagar os gastos e prexuízos correspondentes, que poderán esixir pola vía administrativa de constrinximento.
- 3.- Para a aplicación do procedemento de constrinximento, as comunidades terán facultade de designar os seus axentes recadadores, dos que o nomeamento comunicarase á Consellería de Facenda, quedando sometidos ás autoridades delegadas do mencionado Departamento en todo o que faga referencia á tramitación do procedemento, se ben a providencia de constrinximento haberá de ser ditada polo Presidente da Comunidade. As comunidades poderán solicitar da mencionada Consellería que a recadación se realice por medio dos órganos executivos do mesmo.

#### **Artigo 48.- BENEFICIARIOS DE EXPROPIACIÓN FORZOSA**

- 1.- As comunidades de usuarios serán beneficiarias da expropiación forzosa e da imposición das servidumes que esixan o seu aproveitamento e o cumprimento dos seus fins (artigo 83.2 do TRLA).
- 2.- Poderán solicitar do Organismo de Conca que de conformidade coas disposicións vixentes, se declaren de utilidade pública os aproveitamentos de que son titulares ou a execución singularizada de determinadas obras ou proxectos.
- 3.- Obtida a declaración de utilidade pública poderán solicitar do Organismo de Conca a expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados polas obras ou proxectos declarados de utilidade pública, tramitándose os respectivos expedientes de acordo coa lexislación da expropiación forzosa.

#### **Artigo 49.- OBRIGAS E CRITERIOS DE EFICIENCIA E DISTRIBUCIÓN DE GASTOS**

- 1.- As comunidades virán obrigadas a realizar as obras e instalacións que a Administración lles ordene, a fin de evitar o mal uso da auga ou o deterioro do Dominio Público Hidráulico, podendo o Organismo de Conca competente suspender a utilización da auga ata que aquelas se realicen (artigo 83.3 do TRLA).
- 2.- Os gastos de limpeza, sistemas de captación e condución así como os de explotación, mellora, e conservación, serán sufragados polos beneficiarios por partes iguais.

#### **Artigo 50.- REFORMA DOS ESTATUTOS**

- 1.- A iniciativa para reformar o presente Estatuto poderá ser tomada pola Xunta Directiva ou pola cuarta parte, polo menos, dos comuneiros da comunidade mediante a presentación do texto alternativo acompañado de solicitude de convocatoria dunha Asemblea Xeral, con ese único punto na orde do día.
- 2.- O Presidente achegará na convocatoria desa Asemblea Xeral, o texto alternativo proposto.
- 3.- A reforma aprobarase por maioría absoluta de votos dos membros da Asemblea Xeral en primeira votación e por maioría absoluta dos votos dos partícipes presentes en segunda votación.
- 4.- Será necesario someter o novo texto ó Organismo de Conca para a súa aprobación. Cando a modificación consista unicamente na actualización da contía das sancións bastará a comunicación ao Organismo de Conca e que o acordo se adopte en Asemblea Xeral.



JG1417560

01/2026

**Artigo 51.- MOCIÓN DE CENSURA**

A Asemblea Xeral en reunión extraordinaria solicitada cando menos pola terceira parte dos votos da Comunidade, poderá aprobar por maioría absoluta dos votos, unha moción de censura contra todos ou calquera dos cargos elixidos segundo o réxime electoral previsto no Estatuto.

Se a moción resulta aprobada, os ditos cargos continúan ata a celebración de novas eleccións, que deberán efectuarse no prazo dun (1) mes a contar dende a aprobación da moción.

Se non resulta aprobada os seus signatarios durante o mesmo mandato electoral non poderán presentar outra.

**Artigo 52.- RÉXIME ELECTORAL**

Para elixir aos cargos da Comunidade en Asemblea Xeral, o Presidente da Comunidade ordenará que se inclúa na orde do día a celebración de eleccións e os cargos a prover.

O voto será libre, individual e secreto e correspóndelle a cada un dos usuarios.

Confeccionaranse as listas de electores (todos os usuarios) que se exporán no taboleiro de anuncios do concello para que se poidan efectuar as rectificacións oportunas que serán resoltas pola Xunta Directiva. Posteriormente publicaranse as listas definitivas, e a continuación presentaranse as candidaturas para os postos vacantes.

A votación realizarase aos 20 días da publicación das listas, cumprindo os trámites da Lei de Réxime Electoral Xeral, levando a cabo posteriormente o escrutinio dos votos –que será público- e proclamando os candidatos que obtivesen maioría absoluta para os cargos. De non gañar por maioría absoluta celebrárase outra votación entre os máis votados gañando o que obtivese maior número de votos.

En defecto de candidatos voluntarios ou de non presentarse candidaturas para a totalidade dos postos vacantes, procederase á elección subsidiaria dos membros da Xunta Directiva mediante un sorteo público entre todos os comuneiros.

O sorteo realizarase introducindo nunha urna ou bolsa a identificación das vinte e sete (27) arquetas. As cinco primeiras arquetas seleccionadas constituirán a Xunta Directiva e os seus titulares elixirán de mutuo acordo os cargos a ocupar por cada un.

De non alcanzarse un acordo, os cargos distribuiranse automáticamente segundo o seguinte orde de extracción: a primeira arqueta seleccionada ocupará o cargo de Presidente, a segunda o de Vicepresidente, a terceira o de Secretario, a cuarta o de Tesoureiro, e a derradeira actuará como Vogal.

Nos sucesivos procesos electorais, quedarán excluídos deste sorteo os comuneiros que xa formasen parte de xuntas directivas anteriores, manténdose esta exclusión de forma rotativa ata que a totalidade dos membros tivese cumprido, polo menos, un mandato.

**CAPÍTULO 12.- DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA COMUNIDADE DE USUARIOS.****Artigo 53.- DISOLUCIÓN**

As comunidades de usuarios extinguiranse nos seguintes casos:

1. Por expiración do prazo de concesión, se non foi prorrogado.
2. Por caducidade da concesión.
3. Por expropiación forzosa da concesión.
4. Por fusión noutra Comunidade.
5. Por resolución do Organismo de Conca adoptado en expediente sancionador.

- 
6. Por desaparición total ou nas súas  $\frac{3}{4}$  partes, polo menos, dos elementos obxectivos ou reais, agás que os comuneiros non afectados acorden manter a Comunidade coa modificación do seu Estatuto e da inscrición rexistral.
  7. Por renuncia ao aproveitamento, formulada, polo menos, polas  $\frac{3}{4}$  partes dos comuneiros, salvo que os que non renunciaran acorden manter a comunidade coa modificación do Estatuto e da inscrición rexistral.

#### **Artigo 54.- LIQUIDACIÓN**

Unha vez aprobada a extinción da Comunidade de Usuarios procederá esta á liquidación dos seus bens patrimoniais, conforme ao disposto no Código Civil para a liquidación das sociedades.



JG1417559

01/2026

**DISPOSICIÓN FINAL**

- 1.- O presente Estatuto, unha vez aprobado en Asemblea Xeral convocada ao efecto, entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Organismo de Conca.
- 2.- O Estatuto non dá á Comunidade nin a ningún dos seus membros, dereito ningún que non teña concedido polas Leis, nin lles privan dos que conforme a estas lles correspondan.
- 3.- Este Estatuto interpretarase e aplicarase de acordo cos usos e disposicións legais vixentes, quedando sempre a salvo o seu carácter imperativo.
- 4.- A facultade de interpretar este Estatuto concédese á Xunta Directiva, sen prexuízo da superior competencia da Asemblea Xeral. Para tal fin tanto unha como a outra, poderán solicitar o asesoramento, informe ou ditame de Letrados e Técnicos que estimen conveniente, sendo de conta común os gastos que tales consultas orixinen.

ANEXO

No lugar de ARMAÑO, parroquia de ARMAÑO, concello de RIAXO,  
con data 30-XV-10 de dous mil 26

REUNIDOS

| NOME E APELIDOS                       | DNI          | CARGO NA XUNTA DIRECTIVA |
|---------------------------------------|--------------|--------------------------|
| Marina Aniquis Anuro                  | 33281807W    | Presidente               |
| Eda Concepción Quintana Villanueva    | 33.199.600.C | Vicepresidenta           |
| Ama Rosa Rial Tubio                   | 52937277-1   | Ama Secretaria           |
| M <sup>te</sup> TERESA CESPÓN ORDÓÑEZ | 53481784E    | TESOUREIRA               |
| JAVIER ESPERANTE FIGUEIRA             | 78784255     | Vogal                    |
| Javier Rial                           | 33258559E    |                          |
| M <sup>te</sup> José Cespón Abaín     | 76968872-Q   |                          |
| Mariel Castro Vafuro                  | 52450498-X   |                          |
| Juan de Rodríguez Traveira            | 76514189-C   |                          |
| M <sup>te</sup> DEL PILAR DIC REY     | 33253080W    |                          |
| Dolores Blanco Lorenzo                | 33150067Y    |                          |
| Manu Joseph Rey Blanco                | 76467656-Q   | Maria B                  |
| Fernando Colio Perez                  | 33077444X    |                          |
| Mariel Figueira Ordóñez               | 7651415      |                          |
| MANUEL BARRIÑO PICON                  | 33272961B    |                          |
| Gullemo Aguirre Medas Martinez        | 3364350-W    |                          |
| Cipriano Vidal Fernandez              | 33192728-W   |                          |
| Francoisco Javier Teubra Pico         | 45860442-Y   |                          |
| Marta Conde Cespón                    | 53F99738-R   |                          |
| JUAN JOSÉ ROMERO RODRIGUEZ            | 76778433-V   |                          |
| Aida Mercedes Rial Anuro              | 76502946R    | Aida Rial                |



JG1417558

01/2026

FRANCISCA RIAL MIGUELES 76497181-D. *[Signature]*

Jose Abonia Lasa 33157138-L *[Signature]*

Aña Isabel Gonzalez Jimeno 525359337 *[Signature]*

Mauricio Gomez De Silva 76514034-A *[Signature]*

Maria del Carmen Costas Boudo 33269380B *[Signature]*

Todos eles maiores de idade, recoñécense reciprocamente a suficiente capacidade legal para outorgar este documento no que consta a constitución da Comunidade de Usuarios da traída de augas de Fontesanta e as normas reguladoras que lle son propias

**TESTIMONIO POR EXHIBICION.-**

Yo, **CRISTINA LÓPEZ RODRÍGUEZ**, Notaria del Ilustre Colegio de Galicia, con residencia en Rianxo.

**DOY FE:** Que las fotocopias que anteceden, extendida en doce folios de papel timbrado notarial, el presente y los once siguientes correlativos, que coinciden exactamente con su original que he tenido a la vista y he cotejado.

Quedando asentada con el número 62, Sección Segunda de mi Libro Indicador.

En **RIANXO**, a 5 de junio de 2026.

